

Anuncio de licitación do contrato da obra de Mellora da rede de saneamento na contorna da praza de Castela.

1. Entidade adxudicadora

- a) Organismo: Concello de Corcubión
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría
- c) Obtención de documentación e información:
 1. Dependencia: Concello de Corcubión.
 2. Domicilio: Praza José Carrera, 1
 3. Localidade e Código postal: Corcubión
 4. Teléfono: 981745400
 5. Fax:981747100
 6. Correo electrónico: correo@corcubion.gal
 7. Dirección de internet do perfil do contratante: www.corcubion.gal
 8. Data límite de obtención de documentación e información: ata as 14:00 horas do día anterior ao de remate de presentación.

2. Obxecto do contrato

- a) Tipo: contrato de obra.
- b) Descrición: Mellora da rede de saneamento municipal no entorno da praza de Castela.
- c) División por lotes; Non
- d) Prazo de execución: TRES (3) meses.
- e) Admisión de prórroga: Non
- f) Establecemento dun acordo marco: Non
- g) CPV: 45210000

3. Tramitación e procedemento:

- a) Tramitación: ordinaria
- b) Procedemento: aberto
- c) Poxa electrónica: non
- d) Criterios de adxudicación: un único criterio de adxudicación (factor prezo).

4. Presuposto base de licitación:

O prezo de licitación do contrato é de 55.635,15 € (45.979,46 € e 9.655,69 € IVE).

5. Garantías esixidas:

Provisional: non se esixe

Definitiva: 5% do importe de adxudicación (IVE excluído).

6. Requisitos específicos do contratista:

- a) Clasificación do contratista: non se esixe.
- b) Solvencia técnica ou profesional: Cláusula 12.1.1G) do prego de cláusulas administrativas.
- c) Solvencia económica: Cláusula 12.1.1 G) do prego de cláusulas administrativas.
- d) Outros requisitos específicos: Non

e) Contratos reservados: Non

7. Presentación de ofertas:

a) Data límite de presentación: O anuncio de licitación será publicado no Perfil do Contratante do Concello de Corcubión (www.corcubion.gal)

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse en horario de 9 a 14 horas, e os sábados de 10 a 13 horas, dentro do prazo de VINTE E SEIS (26) DÍAS NATURAIS, a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da provincia. En caso de resultar festivo o día da finalización do prazo quedará automaticamente prorrogado ao día hábil seguinte.

b) Modalidade de presentación: A documentación presentárase en dous sobres pechados que conterán:

1. Sobre A: Documentación Xeral
2. Sobre C: Proposición económica

8. Apertura de ofertas:

- a. Entidade: Concello de Corcubión
- b. Enderezo: Praza José Carrera, 1
- c. Localidade e código postal: 15130 Corcubión
- d. Data e hora: celebrarase no lugar, día e horas que se indique no Perfil do Contratante do Concello.

9. Gastos de publicidade:

Os gastos correspondentes aos anuncios de licitación correrán por conta do adxudicatario

En Corcubión a 19 de xullo de 2016

O Alcalde

Manuel Insua Insua